
 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	<b>2011</b>	<b>PE403A 2010/100-1</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE RIBEIRA	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	ALGAS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

<b>Especies</b>	<i>Laminaria spp, Undaria pinnatifida, Ulva spp, Himanthalia elongata, Gelidium sesquipedale e Saccorhiza polyschides</i>
<b>Ambito do plan</b>	Laxas, Pías de Castiñeira, Airós e zonas que se determinen na resolución de apertura
<b>Subzonas de explotación</b>	

Participantes no plan de Explotación		
<b>Número de permex/personas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
-	7	14
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		
		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
-	-	-

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>						30						
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup> mergullo en apnea e con suministro de aire dende superficie</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura <sup>(6)</sup>			
<b>Especies</b>	<b>A pé</b>	<b>Embarcación/día</b>	<b>Mergullador enrolado e a bordo/día</b>
Algas (en total)	-	-	300 kg

<b>Artes a empregar</b>	mergullo en apnea e subministro de aire dende superficie
-------------------------	--

<b>Puntos de control</b>	Lonxa de Ribeira
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Ribeira (vendeduría da confraría na lonxa de Ribeira).

Accións a realizar	Épocas probables											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improditivas</b>												
Zonas:												
<b>Extracción semente para resembr</b>												
Zonas:												
Especies:												
<b>Sementeiras</b>	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Zonas:												



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



**XACOBEO 2010**  
Galicia

Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
<b>Traslados</b>													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
<b>Rareos</b>													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
<b>Limpezas e arados</b>													
Zonas:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
<b>Outros</b>													

**Outras consideracións:**

**Ámbito do Plan:** A zona de traballo solicitada neste plan está dentro da zona III e subdividida en tres zonas:

- Zona I: Laxas e Pías de Castiñeiras, Airós, illa de Rúa, Xidoiros, Areoso e Pedregoso, Sinal do Maño, Lobeiras e Corbeiro
- Zona II: dende Con de Vieiras ata Pedras do Río, incluíndo a illa de Sálvora e illotes adxacentes, as Forcadiñas, Sagres e Pragueiros
- Zona III: dende o porto de Corrubedo ata río Sieira, incluíndo As Basoñas

Parte do ámbito solicitado está incluído dentro das autorizacións da confraría de Aguiño e tamén incluído dentro do plan presentado pola confraría de Aguiño.

O ámbito deste plan en anos anteriores foi: Laxas, Pías de Castiñeira, Airós e zonas que se determinen na resolución de apertura.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, para o ano 2011 o ámbito será o mesmo que en anos anteriores: Laxas, Pías de Castiñeira, Airós. Para as zonas de solapamento entre os plans presentados polas confrarías de Aguiño e Ribeira será necesario que exista acordo das entidades que se concretará nas resolucións de apertura.

**Participantes:** O listado anexo ao plan inclúe 8 embarcacións cando, conforme aos datos desta Consellería, son 7 as embarcacións co recurso algas Z3 no seu permiso, con 14 mergulladores con habilitación, asociadas á confraría de Ribeira. A embarcación ..... non conta co recurso algas no seu permex.

**Días máximos de extracción:** Tendo en conta que a extracción deste recurso é residual, que unicamente se traballou 3 días no ano 2008, non se aproba a proposta de 100 días de extracción, quedando fixado o máximo en 30 días ao ano. A falla de actividade neste plan, imposibilita que se poda facer un seguimento da evolución tanto das zonas de extracción como da produción das distintas especies obxecto de explotación, de cara a valorar a idoneidade do esforzo proposto neste plan.

**Obxectivos do plan:** O logro dos obxectivos deste plan dependerá da demanda dos



compradores.

**Puntos de control:** Establécese un único punto de control, coincidente co punto de descarga e venda, no que quedan rexistradas as embarcacións que foron traballar e a produción obtida por cada unha delas. Os responsables deste control serán os empregados da lonxa. A información obtida é remitida á confraría. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos integrantes deste plan.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro e das capturas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Réxime sancionador:** O incumprimento das normas contidas no plan será motivo de sanción, previo inicio do procedemento sancionador oportuno, conforme ao establecido no regulamento de réxime interno da agrupación ou nos estatutos das confrarías.

En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

**Mergullo:** Todos os mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

**Plan de seguridade:** Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2011.**

**Recomendacións** para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.